

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 5 DE MAIO DE 2021.**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día cinco de maio de 2021, baixo a presidencia do Ilmo Sr. D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, en funcións de Alcalde, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. ÁLVARO SANTOS RAMOS, D.<sup>a</sup> MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.<sup>a</sup> ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D.<sup>a</sup> TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.<sup>a</sup> MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto.. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

### **ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA**

**1. ACTAS E GOBERNO.-** Acórdase aprobar a proposta da Alcaldía sobre modificación de representantes municipais do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE para formar parte do foro de participación cidadá en materia de igualdade.

Tamén se acorda aprobar a proposta da alcaldía de modificación da designación de representantes do Concello de Lugo no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria.

Así mesmo, acórdase aprobar a proposta da alcaldía de modificación do acordo número 26/686 da Xunta de Goberno Local do 23 de outubro de 2019 polo que se aprobou a designación de representantes municipais en órganos colexiados doutras administracións e organismos.

Do mesmo xeito, acórdase a nova designación de representante para formar parte da Comisión de Seguimento do Convenio de Colaboración entre o Excmo. Concello de Lugo e a Asociación Provincial de Empresarios da Construción (APEC) para a recuperación medioambiental da canteira Pena da arca e o establecemento dunha instalación de recuperación e reciclaxe de residuos de derrubamentos e da construción e dun vertedoiro de residuos non perigosos.

### **ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS**

**2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.-** Acórdase a incoacion de expediente de imposición de penalidade por incumprimento do prazo de entrega na contratación da subministración de 48 traxes de intervención de tipo estrutural con

## ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: ispac3084346828559376061.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 5-5-2021

arnés integrado con destino ao servizo de prevención, extinción de incendios e salvamento do Excmo. Concello de Lugo (bombeiros Lugo). Expdte ref: 2020/C004/000015.

Tamén se acorda a aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación da obra "Proyecto básico y de ejecución de termas de agua caliente no medicinal (caldas)" incluído no programa operativo Feder orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro con financiamento do 80% e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. ref. 2021-C002-000022.

Acórdase a apertura do procedemento de adxudicación na contratación da obra "Alumeado publico en camiño real e zona de influencia" e aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado. Exp. ref. 2021-C002-000024.

Do mesmo xeito, acórdase o procedemento de licitación para a autorización de instalación de postos de venda de mercadorías no arde lucus 2021 prorrogable para o ano 2022. Exp. ref. 2021-C005-000015

Tamén se acorda a prórroga do contrato dende o 04/05/2021 ata o 03/05/2022 no contrato administrativo correspondente a contratación dun servizo de comidas os usuarios do centro de día Novo Antonio Gandoy. Exp. ref. 48-2017.

Acórdase a declaración deserto lotes 1,2 e 4 e adxudicación lote 3. 10 na contratación dos seguros de responsabilidade civil patrimonial (lote 1) danos a bens mobles e inmobles (lote 2), vehículos e maquinaria (lote 3) e responsabilidade de altos cargos e empregados públicos do Excmo. Concello de Lugo (lote 4). Exp. ref. 2021/C003/000003.

**3. PERSOAL.-** Acórdase a comisión de servizos xefe/a de Servizo Benestar Sociais.

Acórdase desestimar o recurso de reposición presentado contra o decreto número 1470/2021 ditado pola Ilma. Sra.Dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo, Tta. de Alcaldesa Delegada da Área de Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo, pola que se acorda o cese como funcionario interino, como celador de colexio público por substitución de unha funcionaria.

### **ÁREA DE GOBRNO DE SOSTIBILIDADE URBANA**

**4. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase a concesión da licenza urbanística para rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar en ringleira, sita na rúa Armórica, número 128, (expte: 183/19.

Acórdase denegar a licenza urbanística para construción de nave industrial de planta baixa e unha planta alta para almacén de frutas, na rúa María Barbeito ((vial b, parcela e.4.4) Parque Empresarial as Gándaras, (expte: 44/19).

Do mesmo xeito, acórdasa a concesión da licenza urbanística para remodelación de planta 2ª para cambio de uso de local de oficina a vivenda na Praza Maior, número 4, (expte: 2021/Y001/000009).

Acórdase denegar as licenzas urbanísticas: para construír un hipodromo cubierto en Penarrubia s/n, San Miguel de Orbazai, (expte: 221/18 e para execución de dous invernaderos, no lugar de Vilar de Cucos-Recimil. (Expte: 2020Y001/000273.

Tamén se acorda a concesión das seguintes licenzas: para reforma de vivenda unifamiliar illada existente e instalación de ascensor, na rúa Aviación Española, número 24, expte:2021/Y001/000063 e para a modificación de superficies de planta 1ª,4ª e 5ª e cambio de uso de oficina a vivenda do piso 4º b, do edificio sito na rúa da Raiña, número 12, (expte: 2021-Y001-000016.

**Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.**